



CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Exposición pública e anuncio de cobranza - Padrón Fiscal Servizo de Axuda no Fogar

A Xunta de Goberno Local do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o 02.12.2024 aprobou inicialmente os padróns fiscais do Servizo de Axuda no Fogar correspondentes aos meses de agosto, setembro e outubro de 2024, tanto na modalidade básica como de dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde - Presidente, no prazo de UN (1) mes, contado desde a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, DOUS (2) meses a contar dende o día ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias designadas. Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo fiscal do suxeito pasivo por correo postal para que poidan efectuar o seu pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso, das costas do procedemento.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da devandita Lei 58/2003.

Abadín, 3 de decembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 3918

BURELA

Anuncio

CONTRATACIÓN PARA CUBRIR EN PROPIEDAD COMO PERSOAL LABORAL FIXO UNHA PRAZA DE PEDAGOGO/A DE ATENCIÓN TEMPERÁ. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

De conformidade co establecido na base 13.2 das xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 (BOP de Lugo nº 299 de 31/12/2022) faise público que mediante Decreto de Alcaldía nº 2024-1227 de data 02/12/2024 resolveuse proceder á contratación como persoal laboral fixo para prestar servizos como pedagogo/a de Atención Temperá, grupo A-subgrupo A1, xornada a tempo completo, da seguinte persoa aspirante:

Rosa María Fraga Pena, DNI ***9178**.

A formalización do preceptivo contrato laboral deberá producirse, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

Burela, 4 de decembro de 2024.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 3919

Anuncio

CONTRATACIÓN PARA CUBRIR EN PROPIEDAD COMO PERSOAL LABORAL FIXO UNHA PRAZA DE PSICÓLOGO/A DA UAD. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

De conformidade co establecido na base 13.2 das xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 (BOP de Lugo nº 299 de 31/12/2022) faise público que mediante Decreto de Alcaldía nº 2024-1229 de data 04/12/2024 resolveuse proceder á contratación como persoal laboral fixo para prestar servizos como psicólogo/a da Unidade Asistencial de Drogodependencias, grupo A-subgrupo A1, xornada a tempo completo, da seguinte persoa aspirante:

Susana Fernández Pernas, DNI ***6648**

A formalización do preceptivo contrato laboral deberá producirse, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

Burela, 4 de decembro de 2024.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 3920

Anuncio

CONTRATACIÓN PARA CUBRIR EN PROPIEDAD COMO PERSOAL LABORAL FIXO UNHA PRAZA DE PSICÓLOGO/A DE ATENCIÓN TEMPERÁ. TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

De conformidade co establecido na base 13.2 das xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 (BOP de Lugo nº 299 de 31/12/2022) faise público que mediante Decreto de Alcaldía nº 2024-1230 de data 04/12/2024 resolveuse proceder á contratación como persoal laboral fixo para prestar servizos como Psicólogo/a de Atención Temperá, grupo A-subgrupo A1, xornada a tempo completo, da seguinte persoa aspirante:

María Dolores Enríquez Insua, DNI ***9172**

A formalización do preceptivo contrato laboral deberá producirse, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

Burela, 4 de decembro de 2024.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 3921

COSPEITO

Anuncio

Corrección de erros da lista definitiva de admitidos e excluídos dos procesos selectivos correspondentes as prazas de estabilización de emprego temporal do concello de Cospeito incluídas na Oferta de emprego pública de 2022.

Detectado un erro material na aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos dos procesos selectivos correspondentes as prazas de estabilización de emprego temporal do concello de Cospeito incluídas na Oferta de emprego pública de 2022.

Onde hai un erro no nome dun dos candidatos admitidos na praza Nº6.

En virtude, do artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, que se refire a rectificación de erros e das facultades que me confire o artigo 21 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local, modificada pola lei 11/1999, de 21 de abril, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Proceder a corrección do devandito erro material antes mencionado.

Onde dí:

(...)

- PRAZA Nº6 SUBALTERNO ADMINISTRACIÓN XERAL:

RELACIÓN DEFINITIVA ASPIRANTES ADMITIDOS

Nome e apelidos	DNI	Proba galego
JESUS SEIJO BRAÑA	33*****9A	EXENTO
IRIA DIAZ LOPEZ	33*****6R	EXENTO
ANTONIO CASTRO PARDAL	36*****7P	EXENTO

RELACIÓN DEFINITIVA DE ASPIRANTES EXCLUÍDOS:

- NINGÚN

“

Debe decir:

(...)

- PRAZA Nº6 SUBALTERNO ADMINISTRACIÓN XERAL:

RELACIÓN DEFINITIVA ASPIRANTES ADMITIDOS

Nome e apelidos	DNI	Proba galego
JOSE SEIJO BRAÑA	33*****9A	EXENTO
IRIA DIAZ LOPEZ	33*****6R	EXENTO
ANTONIO CASTRO PARDAL	36*****7P	EXENTO

RELACIÓN DEFINITIVA DE ASPIRANTES EXCLUÍDOS:

- NINGÚN

“

Cospeito, 5 de decembro de 2024.- Alcalde-presidente, Don Armando Castosa Alvaríño,

R. 3938

GUITIRIZ

Anuncio

Resolución de alcaldía nº 2024-0962 de data 27/11/2024 de modificación das bases reguladoras de subvención para a renovación e rehabilitación de edificios e vivendas na area de rexeneración e renovación urbana das parroquias de Buriz, e Vilares en Guitiriz por ampliación da vixencia. Expte: 326/2022

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-la prórroga da vixencia das “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións para a renovación e rehabilitación urbana de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana das parroquias de Buriz e Os Vilares de Guitiriz, referidas ó acordo da Comisión Bilateral celebrada o 1 de

decembro de 2021, con base no Plan Estatal de Vivenda 2018-2021", ata ó 1 de decembro de 2025, co fin de acomodar o prazo á vixencia do Acordo asinado coa Comisión Bilateral, modificando así o artigo 17 das bases, quedando da seguinte:

"ARTIGO 17: PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E VIXENCIA

As Bases reguladoras e convocatoria de subvencións para a renovación e rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana das parroquias de O Buriz e Os Vilares en Guitiriz (Lugo) referidas ao acordo da Comisión Bilateral celebrada o 1 de decembro de 2021, con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, anualidade 2021; publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web do Concello.

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Oficina de Rehabilitación do Concello de Guitiriz, ou solicitándoas no enderezo electrónico rexistro@concellodeguitiriz.com

Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e terán vixencia ata o 1 de decembro de 2025, de non existir disposición que modifique ou prorrogue esta data de vixencia do Plan Estatal para a aplicación do programa que se desenvolve nas presentes bases."

(...)

Guitiriz, 4 de decembro de 2024.- A alcaldesa, Maria Sol Morandeira Morandeira

R. 3922

LÁNCARA

Anuncio

Información pública

O Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o día 28/11/2024 acordou aprobar inicialmente a modificación do artigo 6 da Ordenanza Fiscal nº 7 reguladora da taxapola prestación do servizo de recollida domiciliar de residuos domésticos, comerciais e industriais.

O referido acordo expónse ó público polo prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte día da publicación deste edicto no BOP, ós efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, procedéndose á publicación íntegra da devandita modificación da ordenanza.

Láncara, 2 de decembro de 2024.- O alcalde, Darío Antonio Piñeiro López.

R. 3923

LUGO

Anuncio

DECRETO

Excma. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

Con data vinte e seis de xuño de dous mil vinte e tres, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo 2/349 PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE LUGO CORPORACIÓN 2023-2027.

Por decreto número 489/2024 do 23/01/2024 se resolveu nomear como persoal eventual, para o posto de Asistente Secretario do Grupo Municipal Socialista, a don Diego Pena Luaces, con DNI: ***4892**.

Por decreto número 491/2024 do 23/01/2024 se resolveu nomear como persoal eventual, para o posto de Colaboradora Asesora do Grupo Municipal Socialista, a dona María Concepción Estévez López, con DNI: ***4715**.

Vista a providencia da Área de Alcaldía e Planificación da Cidade, asinada por dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, de data 22 de novembro de 2024, de nomeamento de don Diego Pena Luaces, con DNI: ***4892**, como persoal eventual, para o posto de Colaborador Asesor do Grupo Municipal Socialista, por substitución de dona María Concepción Estévez López durante a súa situación de baixa por incapacidade temporal, con efectos do día 28 de novembro de 2024; cesando no posto que

ocupaba como como persoal eventual, no posto de Asistente Secretario do Gurpo Municipal Socialista, con efectos do 27 de novembro de 2024.

Visto que consta retención de crédito para toda a anualidade 2024 dos custos salariais e de seguridade social correspondente aos postos nas aplicacións orzamentarias 91201.16000 e 91201.11000.

Visto Informe do Servizo de Persoal de data 25 de novembro de 2024.

Visto o informe de Intervención Nº: 2024/1718 do 27/11/2024

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Cesar, con efectos do día 27 de novembro de 2024, a don **Diego Pena Luaces**, con DNI: ***4892**, no posto Asistente Secretario do Grupo Municipal Socialista, que viña desempeñando en réxime de persoal eventual.

Segundo.- Nomear como persoal eventual, para o posto de Colaborador Asesor do Grupo Municipal Socialista, a don **Diego Pena Luaces**, con DNI: ***4892**, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

As de asesoramento político ao grupo municipal e demais que se lles asignen relacionadas coas funcións estritamente de confianza e asesoramento especial deste persoal.

Terceiro.- O réxime xurídico deste persoal eventual atópase regulado no artigo 104 da Lei de bases do réxime local, en concordancia co artigo 176 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 12 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, en especial:

- queda prohibido o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas que lle corresponden exclusivamente ao funcionariado público;
- en ningún caso, o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna;
- a este persoal seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do funcionariado de carreira;
- este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado público;
- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.
- o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.
- a retribución que percibirá será de 35.925 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

Cuarto.- Notifíquese a presente resolución ao interesado e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Lugo, 27 de novembro de 2024.- Alcaldesa-Presidenta, Excma. Sra. Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R.3924

Anuncio

DECRETO

Excma. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

Con data vinte e seis de xuño de dous mil vinte e tres, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo 2/349 PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE LUGO CORPORACIÓN 2023-2027.

Por decreto número 489/2024 do 23/01/2024 se resolveu nomear como persoal eventual, para o posto de Asistente Secretario do Grupo Municipal Socialista, a don Diego Pena Luaces, con DNI: ***4892**.

Por decreto número 491/2024 do 23/01/2024 se resolveu nomear como persoal eventual, para o posto de Colaboradora Asesora do Grupo Municipal Socialista, a dona María Concepción Estévez López, con DNI: ***4715**

Vista a providencia da Área de Alcaldía e Planificación da Cidade, asinada por dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, de data 22 de novembro de 2024, de nomeamento de don Diego Pena Luaces, con DNI: ***4892**, como persoal eventual, para o posto de Colaborador Asesor do Grupo Municipal Socialista, por substitución de dona María Concepción Estévez López durante a súa situación de baixa por incapacidade temporal, con efectos do día 28 de novembro de 2024; cesando no posto que ocupaba como persoal eventual, no posto de Asistente Secretario do Grupo Municipal Socialista, con efectos do 27 de novembro de 2024.

Visto que consta retención de crédito para toda a anualidade 2024 dos custos salariais e de seguridade social correspondente aos postos nas aplicacións orzamentarias 91201.16000 e 91201.11000.

Visto Informe do Servizo de Persoal de data 25 de novembro de 2024.

Visto o informe de Intervención Nº: 2024/1718 do 27/11/2024.

Visto que por decreto número 11388/2024 do 27/11/2024 se resolveu cesar a don Diego Pena Luaces, con DNI: ***4892**, no posto de Asistente Secretario do Grupo Municipal Socialista, con efectos do 27 de novembro de 2024.

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Nomear como persoal eventual, para o posto de Colaborador Asesor do Grupo Municipal Socialista, a don **Diego Pena Luaces**, con DNI: ***4892**, _por substitución de dona María Concepción Estévez López durante a súa situación de baixa por incapacidade temporal_, con efectos do día 28 de novembro de 2024, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

As de asesoramento político ao grupo municipal e demais que se lles asignen relacionadas coas funcións estritamente de confianza e asesoramento especial deste persoal.

Segundo.- O réxime xurídico deste persoal eventual atópase regulado no artigo 104 da Lei de bases do réxime local, en concordancia co artigo 176 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 12 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, en especial:

- queda prohibido o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas que lle corresponden exclusivamente ao funcionariado público;
- en ningún caso, o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna;
- a este persoal seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do funcionariado de carreira;
- este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado público;
- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.
- o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.
- a retribución que percibirá será de 35.925 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

Terceiro.- Notifíquese a presente resolución ao interesado e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Lugo, 27 de novembro de 2024.- Alcaldesa-Presidenta, Excm. Sra. Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3925

*Anuncio***DECRETO**

Excma. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

Con data vinte e seis de xuño de dous mil vinte e tres, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo 2/349 PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE LUGO CORPORACIÓN 2023-2027.

Vista a providencia da Área de Alcaldía e Planificación da Cidade, de dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, de data 22 de novembro de 2024, de nomeamento de don Iago Duarte Rodríguez, con DNI: ***8608**, como persoal eventual, para o posto de Asistente Secretario do Grupo Municipal Socialista.

Visto que consta retención de crédito para toda a anualidade 2024 dos custos salariais e de seguridade social correspondente aos postos nas aplicacións orzamentarias 91201.16000 e 91201.11000.

Visto Informe do Servizo de Persoal de data 25 de novembro de 2024.

Visto o informe de Intervención Nº: 2024/1718 do 27/11/2024.

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

Primeiro.- Nomear como persoal eventual, para o posto de Asistente Secretario do Grupo Municipal Socialista, a don **Iago Duarte Rodríguez**, con DNI: ***8608**, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

- a) organizar, supervisar e colaborar na execución dos traballos que se desenvolvan no grupo municipal;
- b) efectuar traballos de transcripción de documentos;
- c) atención das comunicacións tanto telefónicas coma persoais que lle correspondan ao grupo municipal;
- d) arquivo da documentación e
- e) labores de secretaría do grupo en xeral.

Segundo.- O réxime xurídico deste persoal eventual atópase regulado no artigo 104 da Lei de bases do réxime local, en concordancia co artigo 176 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 12 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, en especial:

- queda prohibido o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas que lle corresponden exclusivamente ao funcionariado público;
- en ningún caso, o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna;
- a este persoal seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do funcionariado de carreira;
- este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado público;
- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.
- o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.
- a retribución que percibirá será de 27.956 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

Terceiro.- Notifíquese a presente resolución ao interesado e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Lugo, 27 de novembro de 2024.- Alcaldesa-Presidenta, Excma. Sra. Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3926

*Anuncio***Edicto de Exposición ao público**

A través do Decreto número 10422/2024 de 6 de novembro de 2024, aprobouse o padrón relativo ás taxas pola prestación do servizo de xantar no fogar correspondientes ao mes de **OUTUBRO de 2024**, que se expoñen ao público no Servizo de Benestar Social, sito na Ronda da Muralla 197, durante o prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza fiscal xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria e o seu pagamento realizarao por domiciliación bancaria autorizada a persoa solicitante do servizo, por escrito, no momento da concesión.

O período voluntario de pagamento fíxase nun mes dende a aprobación da correspondiente taxa: **dende o día 13 de novembro ata o día 13 de decembro de 2024** (ou inmediato hábil posterior se aquel fose festivo).

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectuar o pagamento das débedas, estas xerarán o 5% da recarga executiva ata o inicio do procedemento de constrinximento, coa recarga, xuros e custas que se puidesen producir a partir dese momento.

Lugo, 6 de novembro de 2024.- A Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

R. 3927

*Anuncio***DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 27 de novembro de 2024, adoptou entre outros o acordo 9/513, polo que se acorda delegar nos tenentes de alcaldesa e concelleiros delegados da área as atribucións correspondentes á aprobación dos convenios reguladores das subvencións previstas nominativamente nos orzamentos do ano 2024. Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 4 de decembro de 2024.- A Alcaldesa Presidenta, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3928

OUTEIRO DE REI*Anuncio***ORDENANZA REGULADORA DE PRECIOS PÚBLICOS DO SERVIZO DA LUDOTECA MUNICIPAL**

Aprobados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Outeiro de Rei o día 24 de xullo de 2024 e ratificados na sesión de 28 de novembro de 2024

- INICIATIVA OUTEIRO MADRUGADOR: 80 € durante o período escolar (de setembro a xuño).
- INICIATIVA OUTEIRO TARDES: 25€ /mes durante o período escolar (de setembro a xuño).
- INICIATIVA OUTEIRO LÚDICO :120 € en dous períodos; o primeiro de 50 €, que inclúe os períodos de vacacións escolares de Nadal, Entroido, Semana Santa e días non lectivos do CEIP Laverde Ruíz; o segundo de 70 €,inclúe o período dende o remate do curso escolar ao inicio do curso seguinte, excluindo o mes de agosto.

OUTEIRO LÚDICO AGOSTO:50 € /mes

OUTEIRO LÚDICO SETEMBRO:15 € para os primeiros días de setembro mentres non se inicia o curso escolar dentro do Outeiro Lúdico hai a posibilidade de incorporación de nenas /os de 3 anos que empezan o colexio.

PERÍODO DE ADAPTACIÓN: 15 € para 4º de infantil (nenas/os de 3 anos) mentres se desenvolve o período de adaptación escolar.

En todas as iniciativas hai posibilidade de aboar día solto, 6 € .

Criterio a ter en conta á hora de aboar o prezo de cada iniciativa:

- No caso de familias numerosas, os prezos para acceder a calquera das iniciativas redúcese nun 50% no caso do segundo ou posteriores fillos/fillas.

Outeiro de Rei, 29 de novembro de 2024.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 3929

POL

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía, de data 2 de decembro de 2024, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de novembro de 2024, que se expón ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 4 de decembro de 2024.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 3930

SAMOS

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA INTERINA DA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL A MEDIA XORNADA VACANTE NA PLANTILLA DE PERSOAL DO CONCELLO DE SAMOS

O Concello de Samos aprobou por Resolución de Alcaldía nº 2024-0224 e data 4 de decembro de 2024 a convocatoria e as bases para a cobertura interina dunhapraza de Traballador/a social, a media xornada, vacante na plantilla de persoal deste Concello. Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de dez (10) días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

BASES PARA A COBERTURA INTERINA DA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL, REXIME XURIDICO FUNCIONARIAL A MEDIA XORNADA, NO CONCELLO DE SAMOS

Bases da convocatoria para provisión dunhapraza de traballador social interino a media xornada vacante na plantilla de persoal do Concello de Samos, ata a súa cobertura definitiva por funcionario de carreira.

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección de persoal interino para cubrir un posto de traballador social vacante na plantilla de persoal deste Concello, mediante o sistema de OPOSICIÓN LIBRE, para o cumprimento da ratio de servizos sociais, ata a provisión definitiva por funcionario de carreira.

Nº VACANTES	DENOMINACION	CLASIFICACION	GRUPO
1	TRABALLADOR/A SOCIAL ½ XORNADA	Escala de Administración Especial. Subescala técnica. Técnico medio	A/ A2

A mencionada prazaaatópase dotada no orzamentovixente, correspondendolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no artigo 23 da lei 30/84, de 2 de agosto e as disposicións aplicables nestamateria .

As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e o non previsto nelas, polo establecido no Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, naLei 30/84, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, naLei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no Texto Refundido 781/1986, do 13 de xuño, naLei 5/1997, de 22

de xullo, da Administración local de Galicia, e no Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da función Pública de Galicia, e demais disposicións aplicables.

SEGUNDA.- Publicidade.

As presentes bases, xunto cos seus anexos, publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios físico e no da sede electrónica do Concello de Samos (concellosamos.sedelectronica.gal)

Os sucesivos anuncios relativos a esta convocatoria, publicaranse unicamente no taboleiro de anuncios do Concello e no da sede electrónica do Concello de Samos (concellosamos.sedelectronica.gal).

TERCEIRA.- Requisitos dos aspirantes

Para ser admitido/a á realización das probas, os aspirantes deberán reunir, os seguintes requisitos referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes deberán manterse durante todo o proceso selectivo.

➤ **Cidadanía:**

- Ser cidadán español.
- Ser cidadán dun Estado membro da Unión Europea
- Ser descendente de cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou do seu cónxuxe, non separado de dereito, menor de 21 anos ou maior que viva á súa expensas.
- Ter dereito a ser empregado público en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España no que sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.

➤ **Idade:**

- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa.

➤ **Titulación:**

- Diplomatura ou grado en Traballo Social ou titulación equivalente, que habilite para o exercicio da profesión regulada de Traballador/a social.

No suposto de invocar un título equivalente ou homologado ós seus ou obtido no estranxeiro, deberá xustificar con certificado expedido polo organismo competente para a homologación.

➤ **Outros:**

- Acreditación do Galego mediante a presentación do Celga 4 ou superior.
- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarase mediante certificado médico oficial.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso o emprego público. No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarase mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.
- Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades ou incapacidade previstos na lexislación vixente.

Os requisitos anteriormente establecidos deberán posuírse polos aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de instancias, debendo manterse as mesmas durante todo o período selectivo, ata a formalización do contrato de traballo.

CUARTA.- Presentación de instancias e documentación.

As instancias solicitando participar no proceso selectivo, dirixiranse ao Sra. Alcadesa do Concello de Samos. Presentaranse debidamente cubertas, no modelo oficial que figura como Anexo I desta convocatoria, no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte o da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As instancias poderán presentarse na forma previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.

As solicitudes debidamente cubertas, achegarase os documentos que a continuación se indican:

- Anexo I. Modelo de solicitude, adxunto ás presentes bases.
- Fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou documento acreditativo da súa personalidade e nacionalidade.

- Copia compulsada da titulación esixida para participar no procedemento selectivo.
- Declaración xuradana que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidosna base 4 referidos ao día en que remate o prazo de presentación de instancias.
- Acreditación do coñecemento da lingua galega mediante a presentación do Celga 4 ou superior se seposúe.

QUINTA.- Admisión de aspirantes, data e lugar de celebración das probas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 1 mes pola que declarará aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

Dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios e no da sede electrónica do Concello de Samos (concellosamos.sedelectronica.gal).

Na publicación farase constar, apelidos, nome e parte do número de DNI, así como se é o caso, as causas que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes excluídosou omitidos na resolución disporáundunprazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte da publicación da resolución no taboleiro de anuncios e no da sede electrónica do Concello de Samos, conforme ao establecido no artigo 68 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas, para corrixir os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión das relacións de admitidos e excluídos. Se no ditoprazonon se corrixen os defectos serán definitivamente excluídos da realización das probas.

No caso de non presentarse alegacións ou correccións á lista provisional, elevarase a definitiva.

A resolución pola que se aproba a lista definitiva publicarase do mesmoxeito que a provisional, determinando así mesmo lugar, data e hora de comezo das probas selectivas e composición do tribunal, e será determinante dos prazos a efectos de posible impugnaciónsou recursos.

SEXTA.- Tribunal Cualificador.

O tribunal estará composto por cinco membros e os seus correspondentes suplentes, un dos cales actuará como presidente. A súa composición se axustará ó previsto no artigo 60 do estatuto básico do empregado público. A súa composición nominal se publicará Taboleiro de anuncioe no da sede electrónica do concello de Samos, conxuntamente coa fixación da data do primeiro exercicio. Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O presidente deberá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incurso nas circunstancias previstas no citado artigo 23 da Lei 40/2015 de de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, nin nas demais causas de abstención previstas nesta base.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015 de Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente, en todo caso requírese a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto; limitaranse ó exercicio das especialidades técnicas.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións do tribunal, este estará clasificado na categoría b) do número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

SÉTIMA.- Comezo e desenvolvemento das probas selectivas e programa.

De acordoco previsto no artigo 45 punto 1 apartado b da Lei 39/2015 do 01 de outubro do Procedemento Administrativo das Administracións Públicas, a publicación das datas de celebración dos sucesivos exercicios, das cualificacións dos mesmos e do resultado do procedemento selectivo publicarase no taboleiro de anuncios e no da sede electrónica do Concello de Samos (concellosamos.sedelectronica.gal).

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento que acredite de forma fidedigna a súa identidade a xuízo do tribunal.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As razóns ou probas xustificativas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ós que non comparezan.

En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditaren a súa personalidade.

Dende a total conclusión dunha proba ata o comezo da seguinte deberá de transcorrer un prazo mínimo de corenta e oito (48) horas e máximo de corenta días (40) días naturais.

De cada sesión que celebre o tribunal redactarase unha acta polo/a Secretario/a do mesmo na que se farán constar as cualificacións dos exercicios dos aspirantes, así como as incidencias que se produzan

OITAVA.- Sistema de selección e cualificación dos exercicios

O procedemento de selección dos aspirantes constará dunha única fase: Oposición.

FASE OPOSICIÓN:

A data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio darase a coñecer coa publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

A oposición consistirá na realización de 3 probas de capacidade e aptitude eliminatorias e obrigatorias para os aspirantes.

O exercicio das probas será obrigatorio e eliminatorio sendo eliminados os aspirantes que non alcancen como mínimo a metade da puntuación máxima outorgada a cada un dos exercicios

Os exercicios da oposición serán os seguintes:

- PRIMEIRO EXERCICIO:

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en responder un cuestionario tipo test con respostas alternativas sobre o temario da parte común. Serán corenta preguntas con tres posibles respostas cada unha.

O aspirante deberá acadar un mínimo de 10 puntos para superar esta fase.

Puntuación máxima 20 puntos.

- SEGUNDO EXERCICIO

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver un ou varios supostos prácticos relacionados co traballo social. Poden incluír una ou varias preguntas complementarias relativas a ditos supostos.

Cada resposta correcta puntuará 0,50 puntos e cada resposta errónea, 0,20.

O aspirante deberá acadar un mínimo de 10 puntos para superar esta fase.

Puntuación máxima 20 puntos.

- TERCEIRO EXERCICIO:

Exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito, e obrigatoriamente en galego, no prazo máximo de dúas horas, un tema de entre os incluídos na parte específica temario da convocatoria, determinado polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio. Os/As aspirantes terán ampla liberdade no que respecta á forma de exposición e valorarase a formación xeral, a claridade de ideas, así como o rigor e precisión na exposición. Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal, en sesión pública podendo o tribunal formular as preguntas que considere necesario.

O aspirante deberá acadar un mínimo de 10 puntos para superar esta fase.

Puntuación máxima 20 puntos.

• COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA:

Para aqueles opositores que non teñan acreditado o coñecemento do galego, realizarase unha proba que consistirá nunha tradución castelán-galego dun texto facilitado polo Tribunal. Puntuarase ata un máximo de 10 puntos e será preciso contar cunha puntuación mínima de 5 puntos para superalo. Esta proba será obrigatoria para aqueles que non poidan acreditar o coñecemento da lingua galega a través dos certificados correspondentes, sempre e cando tiveran superado os tres exercicios anteriores. Dita puntuación non se sumará ao resultado da oposición.

O contido deste programa será o seguinte:

PARTE COMÚN:

1. A Constitución Española. Preámbulo, Títulos Preliminar e Primeiro.

2. O concello. Elementos que o constitúen. Competencias do concello.
3. A organización municipal. O alcalde, o pleno, a xunta local de goberno, os tenentes de alcalde e os concelleiros delegados. Distribución de competencias. Funcionamento dos órganos colexiados.
4. O Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
5. O expediente administrativo. O procedemento administrativo e as súas fases. O acto administrativo. Recursos contra os actos administrativos
6. A potestade regulamentaria das entidades locais. Regulamentos ordenanzas e bandos. As ordenanzas fiscais. Contido e procedemento de elaboración.
7. O persoal ao Servizo das Corporacións Locais. O Texto Refundido Estatuto Básico do Empregado Público: Clases de persoal, e graos, retribucións, dereitos e deberes, faltas, sancións, procedemento sancionador.

PARTE ESPECÍFICA.

1. Lei 13/2008, do 3 de decembro de SS.SS. de Galicia. Estrutura, Niveis de Atención, SS.SS. Comunitarios Básicos, SS.SS. Comunitarios Específicos, SS.SS. Especializados, Equipa profesional de SS.SS.. Profesional de referencia e Tarxeta Social Galega
2. Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os SS.SS. Comunitarios e o seu Financiamento. Conceptos Xerais
3. Dependencia, Lei 39/2006 de 14 de Decembro. Sistema Galego de Atención á Dependencia, Requisitos xerais para o acceso ás prestacións e incompatibilidades, valoración e recoñecemento da situación de dependencia nos supostos de emerxencia social, e nos menores de 3 anos. PIA
4. Procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia (Decreto 15/2010 de 4 de febreiro e Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro e as súas modificacións)
5. Servizos e Prestación dos Sistema de Atención á Dependencia
6. O Plan Concertado: finalidades, obxectivos e prestacións.
7. Lei 10/2013 do 27 de novembro de Inclusión Social de Galicia. Obxecto e natureza. Tipoloxía das axudas. RISGA e AIS
8. ORDE d 22 de xaneiro de 2009 por la que se regula o Servizo de Axuda no Fogar en Galicia.
9. A teleasistencia e os programas de xantar na casa. Obxectivos e funcións
10. Orde do 1 de abril de 2013 pola que se aproba o modelo de informe social unificado para a área de dependencia, discapacidade e promoción da autonomía persoal e se aproba a súa utilización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
11. Deontoloxía do Traballo social, código ético do traballador/a social.
12. Metodoloxía e Traballo Social. Concepto e fases do Método Básico
13. O/a Traballador/a Social na Planificación: elaboración de Programas e Proxectos Sociais.
14. Instrumentos do traballo social: tipos e características
15. Ferramentas informáticas para o TS: SIUSS, SIGAD, HSUE E MATIASS: Concepto e finalidade

NOVENA.- Relación de aprobados.

O resultado final deste proceso virá determinado pola suma das puntuacións obtidas na totalidade dos exercicios

Finalizadas as probas selectivas o tribunal fará públicas, nos lugares determinados, a relación definitiva dos aspirantes aprobados indicando parcialmente o seu D.N.I. e pola orde da puntuación obtida. Esta relación presentarse á Sra. Alcaldesa coa proposta de contratación do candidato/a para o posto de traballo.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas que se convocaran, resultando nulo de pleno dereito calquera acorde que contraviñese o disposto por esta norma.

Formarase unha bolsa de contratación cos aspirantes que non tiveran a máxima puntuación, pero superen os tres exercicios. Esta bolsa será vixente ata a cobertura en propiedade da praza.

DÉCIMA.- Presentación de documentos.

Os/as aspirantes propostos/as, achegarán no prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir da publicación da lista de aprobados/as no lugar indicado na base undécima os documentos seguintes:

- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para a súa compulsa) do DNI ou pasaporte.

- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para a súa compulsa) do título académico, ou, no seu defecto, o xustificante de ter aboado os dereitos para a súa expedición.
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado o acceso ó emprego público.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base cuarta non poderán ser nomeados funcionarios e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorran por falsidade na solicitude de participación.

ÚNDECIMA.- Nomeamento e toma de posesión

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, a Sra. Alcaldesa efectuará o nomeamento do candidato proposto.

Dito nomeamento, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Samos, será susceptible de recurso de reposición perante o Sra. Alcaldesa no prazo dun mes a contar dende o día da publicación do nomeamento, ou ben de recurso contencioso- administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende o día da publicación do mesmo.

Coa finalidade de facilitar a elaboración do recurso e de reforzar o principio de transparencia e igualdade, o expediente completo do proceso de selección, (que abranguerá as actas dos tribunais, as solicitudes dos candidatos cos documentos xustificativos dos méritos alegados e os exercicios escritos realizados por cada candidato), o Secretario do Tribunal, unha vez formalizada a proposta de resolución, o entregará o Secretario da Corporación, que estará obrigado a facilitar o seu acceso ós interesados en tanto a resolución non sexa firme.

DUODÉCIMA.- Impugnación.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven desta poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común.

Samos, 4 de decembro de 2024.- A alcaldesa, María Jesús López López.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL INTERINO/A VACANTE NA PRANTILLA DE PERSOAL

1º. Apellido:	D.N.I.:
2º. Apellido:	Teléfono:
Nome:	Móbil:
Enderezo:	e-mail:
Poboación, provincia e C.P.	

M A N I F E S T A :

- Que desexa tomar parte no proceso selectivo para o acceso a referida praza.
- Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpre tódolos requisitos esixidos nas bases da convocatoria
- Que achega a seguinte documentación:
 - Copia do DNI ou pasaporte
 - Copia compulsada do título esixido para participar no procedemento selectivo.

S O L I C I T A :

Ser admitido nas indicadas probas selectivas.

Asdo.:

Samos, a de de 2024.

SARRIA

Anuncio

Aos efectos do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais ao que se remite o artigo 177.2 da mesma lei, e no art. 20.l en relación co 38.2 do Real Decreto 500/1990, faise público para xeral coñecemento que o acordo inicial adoptado polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o 7 de novembro de 2024 de aprobación dos expedientes de modificación de créditos suplemento de crédito SC 5/2024 Residencia, da Residencia de Anciáns “Nuestra Sra. Del Carmen” e os expedientes de crédito extraordinario CE 3/2024 e suplementos de crédito SC 5/2024 e SC 6/2024, do Concello de Sarria, queda elevado a definitivo ao non presentarse reclamacións no prazo de exposición ao público, quedando despois de ditos expedientes, o resumo por capítulos dos orzamentos para 2024, da seguinte forma:

Concello

Estado de Ingresos

Cap. 1 Impostos directos	4.395.000,00 €
Cap. 2 Impostos indirectos	342.664,61 €
Cap. 3 Taxas, prezos públicos e outros ingresos	3.606.800,00 €
Cap. 4 Transferencias correntes	6.452.150,01 €
Cap. 5 Ingresos patrimoniais	400,00 €
Cap. 7 Transferencias de capital	927.015,95 €
Cap. 8 Activos financeiros	4.057.427,30 €
Cap. 9 Pasivos financeiros	615.309,22 €
TOTAL	20.396.767,09 €

Estado de Gastos

Cap. 1 Gastos de persoal	6.472.181,81 €
Cap. 2 Gastos en bens correntes e servizos	9.421.726,91 €
Cap. 3 Gastos financeiros	124.797,92 €
Cap. 4 Transferencias correntes	539.211,54 €
Cap. 5 Fondo de continxencia e outros imprevistos	4.754,85 €
Cap. 6 Investimentos reais	3.516.297,61 €
Cap. 7 Transferencias de capital	20.718,66 €
Cap. 8 Activos financeiros	9.000,00 €
Cap. 9 Pasivos financeiros	288.077,79 €
TOTAL 20.	396.767,09 €

Residencia

Estado de Ingresos

Cap. 3 Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.820.182,73 €
Cap. 8 Activos financeiros	270.396,41 €
TOTAL	2.090.579,14 €

Estado de Gastos

Cap. 1 Gastos de persoal	1.428.418,49 €
Cap. 2 Gastos en bens correntes e servizos	511.137,44 €
Cap. 3 Gastos financeiros	2.000,00 €
Cap. 5 Fondo de continxencia e outros imprevistos	1.586,08 €

Cap. 6 Investimentos reais	147.437,13 €
TOTAL	2.090.579,14 €

Sarria, 5 de decembro de 2024.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 3940

O VALADOURO

Anuncio

Emprazamento no procedemento ordinario nº 0000261/2024-S do Xulgado contencioso-administrativo nº2 de Lugo.

Neste Concello recibíuse emprazamento polo recurso contencioso - administrativo que de seguido se cita:

Órgano xurisdiccional: Xulgado do contencioso - administrativo nº 2 de Lugo.

Número: Procedemento ordinario 0000261/2024-S

Recorrentes: M^a del Carmen Franco Martínez.

Acto recorrido: Acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello, adoptado na sesión celebrada o día 04 de setembro de 2024, polo que se denega a M^a del Carmen Franco Martínez, a licenza para obras de legalización da piscina individual, no emprazamento sito no Lugar da Casela, parroquia de A Laxe, termo de municipal de O Valadouro,.

De conformidade co preceptuado no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa, por medio do presente anuncio, emprázase ás persoas interesadas para que poidan persoarse no procedemento sinalado, perante o órgano referido, no prazo de 9 días, contados a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O Valadouro, 5 de decembro de 2024.- O Alcalde, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 3941

O VICEDO

Anuncio

Aprobada a rectificación (RECT. - V2024 - 07) do inventario de vías e camiños municipais pertencentes a este municipio mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o día 27 de novembro de 2024, ábrese un período de exposición pública por prazo de vinte días hábiles, que se computarán a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que calquera interesado poida examinar o expediente na sede municipal e formular as reclamacións e suxestións que estime pertinentes.

Transcorrido o citado prazo sen que se presentaran reclamacións, entenderase aprobada definitivamente a devandita revisión.

O Vicedo, 4 de decembro de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3931

VIVEIRO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA EXPEDIENTE DE MODIFICACION DO VIXENTE ORZAMENTO 2024, NA MODALIDADE DE SUPLENTO DE CRÉDITO

O acordo inicial adoptado polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o 6 de novembro de 2024, de aprobación do expediente de modificación do vixente orzamento 2024, na modalidade de suplemento de crédito, queda elevado a definitivo ao non presentarse reclamacións no prazo de exposición ao público, o que se publica aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, 5 marzo:

Aplicacións que se modifican:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Aplicacións orzamentarias			Importe
1650	22100	Enerxía eléctrica. Alumado Público	55.934,36 €
		Total	55.934,36 €

FINANCIAMENTO:

Concepto Ingresos	Denominación	Importes
420.00	Participación en Tributos do Estado	55.934,36€

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Sen perjuízo dela, a teor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de dito recurso non suspenderá por sí soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Viveiro, 4 de decembro de 2024.- A alcaldesa, María Loureiro García.

R. 3932